



## *A prepotencia e sectarismo da Dirección do SERGAS non ten límites:*

### **Inxusto e escandaloso nomeamento do novo Xefe de Servizo de Psiquiatría da Área Sanitaria de Pontevedra.**

*Xa é publico o "veredicto" do tribunal que debía elixir ao novo responsábel do Servizo de Psiquiatría da Área de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés. O elixido, como viñemos denunciando que sucedería, foi o precario candidato buscado pola Dirección do SERGAS para a completar unha operación de "venndetta" política.*

*O outro candidato e principal prexudicado, o Dr. Pedreira, anterior xefe de servizo, que foi inxusta e probabelmente ilegalmente cesado, xa anunciou que non vai aceptar pasivamente o atropelo.*

*Instrumentos necesarios para consumir a desfeita foi un tribunal cunha composición claramente sectaria, constituído ao abeiro dunha unha normativa legal que non ofrece as mínimas garantías de que a elección das xefaturas do SERGAS se fagan en base a criterios de igualdade, méritos e coñecemento. É preciso cambiar esa normativa.*

O venres, día 20/07/2012, fíxose pública a resolución do Tribunal encargado de elixir ao novo xefe de Servizo de Psiquiatría da Área de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés, quen será o máximo responsábel da atención psiquiátrica da poboación dun área sanitaria de máis de 300.000 persoas. Para esta tarefa, o tribunal tiña que elixir entre dous candidatos, sendo oportuno sinalar que ningún dos 4 xefes de sección que traballan no servizo se presentou á praza, pois aceptaban de partida o liderado do anterior xefe de servizo e valoraban positivamente o seu exercicio da xefatura.

O primeiro candidato era o Dr. Pedreira, o anterior xefe de servizo, especialista en psiquiatría pola vía MIR, e responsábel da psiquiatría pontevedresa desde hai 30 anos, durante os que ten demostrado sobradamente a súa capacidade como profesional e como xestor, e que foi cesado do seu cargo de xefe de servizo dunha maneira claramente irregular e sen ningún tipo de explicación.

O segundo candidato era un candidato advenedizo, buscado pola dirección do SERGAS como instrumento preciso para completar a súa "vendetta" política. Un candidato que so levaba 6 anos de exercicio profesional como psiquiatra, pois malia que accedeu ao título pola vía MESTO no ano 2003, non ocupou unha praza de psiquiatría até o ano 2006. Tiña, desde principios dos anos 90, unha praza de médico de urxencias somáticas no Hospital Psiquiátrico de Conxo e desde esas datas até o ano 2006 traballou nos servizos centrais do Sergas, chegando a ocupar o cargo de Subdirector Xeral de Atención Socio-Sanitaria. Debe salientarse que nunca traballou como psiquiatra nun hospital de agudos nin atendeu urxencias psiquiátricas, pois a totalidade dos seus 6 anos de experiencia profesional como psiquiatra no SERGAS os exerceu na Unidade de Saúde Mental Extrahospitalaria de Lárez. Iso si, sen dedicación exclusiva.

Finalmente, o tribunal, integrado por dous directivos do CHOP e 3 psiquiatras de fora de Galiza e os tres adscritos a unha liña doutrinal en psiquiatría oposta ao Dr. Pedreira e coincidente coa do outro candidato, deulle a este último a praza. Na súa [resolución provisoria](#), o tribunal valorou so 2 puntos máis os méritos do Dr. Pedreira sobre os do segundo candidato (23,4 e 21 puntos respectivamente), malia a abismal diferenza nos méritos dos dous candidatos. E, na valoración do Proxecto Técnico, dun xeito tamén claramente inxustifico o tribunal deulle ao Dr. Pedreira 6 puntos menos que ao segundo candidato (22 contra 28 puntos). Ademais os 2 candidatos recibiron 10 puntos por exercer sempre en réxime de dedicación exclusiva no caso do anterior xefe de servizo, e por comprometerse a deixar a súa actual práctica privada simultánea coa pública, no caso do segundo dos candidatos. Deste xeito o balance global foi de 59 puntos contra 54,4 en contra do anterior xefe de servizo.

Rematou así unha secuencia máis dun proceso vergonzoso no que os actuais responsábeis do SERGAS están demostrando que non teñen límites no seu sectarismo e na falta de respecto aos principios de igualdade, mérito e competencia profesional para o acceso ás xefaturas.

Como xa temos comentado, pásanse tanto que xa resulta insoportábel, e fai inevitábel facerse a pregunta de que, se son capaces de facer o que están facendo, nunha situación na que a disparidade de méritos e capacidade entre os candidatos é abrumadora, ***que non farán en situacións nas que as diferenzas entre candidatos sexan menos evidentes?***

O asunto non rematou aínda, pois o Dr. Pedreira remitiu un correo a todos os facultativos do CHOP no que informa de que continuará a batalla nos tribunais<sup>1</sup>.

Para a Agrupación Médica da CIG (AgM-CIG), o sucedido exemplifica perfectamente a necesidade de cambiar a lexislación relativa ao acceso ás xefaturas do SERGAS, de xeito de que existan garantías reais de que o proceso vai rexerse polos principios de igualdade, mérito e competencia profesional. Na nosa opinión **é preciso establecer un novo marco legal que teña en conta os seguintes aspectos:**

---

1

---

**De:** Pedreira Crespo, Víctor Domingo Jesus  
**Enviado el:** viernes, 20 de julio de 2012 15:10  
**Para:** \_PON Facultativos  
**Asunto:** Jefatura de Servicio de Psiquiatría

Estimados compañeros.

Hoy, día 20 de julio, poco antes de las 3 de tarde, 8 días después del Acto Público de defensa del Proyecto Técnico y del CV, por fin han hecho pública la decisión del Tribunal.

Frente a la ignominia, la indecencia y la desvergüenza, que nadie me pida elegancia. Es un lujo que ni puedo (ni quiero) permitirme. En todo caso, el incidente no ha terminado. Que nadie dude que nos veremos en los Tribunales.

A los que me habeis mostrado vuestro cariño, apoyo y solidaridad a lo largo de este lamentable proceso, os doy las gracias de corazón.

Un cordial saludo.

Víctor Pedreira Crespo

Jefe del Servicio de Psiquiatría desde 1982

Actualmente, expoliado.

- **As xefaturas vitalicias non son positivas e o sei fin establecido no Decreto 260/2005 foi positivo.** A AgM-CIG defende claramente o principio de que periodicamente todas as xefaturas deben ser reavaliadas.
- **A ambigüidade actual sobre o valor da exclusividade no proceso de selección das xefaturas debe desaparecer:** a dedicación exclusiva á sanidade pública debe ser esixida a todos os candidatos ás xefaturas, ou cando menos debe ter un peso claro, determinante, e que non se preste a interpretacións interesadas por parte dos xerentes, como sucede actualmente.
- **A actual discrecionalidade total que teñen os Xerentes para nomear aos membros dos tribunais das xefaturas, ten que ser modificada.** Que os criterios de igualdade, mérito e coñecemento sexan os determinantes no proceso de selección das xefaturas só poderá ser unha realidade críbel cando o procedemento de selección da maioría dos membros dos tribunais non dependa do criterio arbitrario do xerente correspondente, como sucede na actualidade. Enténdase ben, somos plenamente conscientes de que as xefaturas son ante todo responsabilidades de xestión, e que o mellor clínico non ten porque ser necesariamente o mellor xestor. Por este motivo, coidamos que no tribunal debe estar presente a Dirección do Centro, mais iso non pode significar que sexa o criterio unilateral do Xerente quen decida a composición de todo o tribunal.
- **Ten que existir un procedemento estándar de avaliación de méritos claramente establecido e publicado.** O sistema de puntuación dos méritos non debe poder ser modificado en cada caso arbitrariamente, co obxecto de eliminar artificialmente as diferenzas nos méritos dos diferentes candidatos, como sucedeu hai un ano no CHUS, ou para poder sobrepuntuar dun xeito arbitrario os méritos dalgún dos candidatos.
- **Avaliadores profesionais pertencentes a unha Axencia de Avaliación** que o SERGAS debe crear, deben ser os que leven o peso fundamental das avaliacións dos profesionais a efectos de Carreira Profesional e de acceso e reavaliación das xefaturas. A CIG, e a súa Agrupación Médica, sempre defendemos esta posición.

- **A opinión dos profesionais do servizo sobre a idoneidade de quen opte á Xefatura dun Servizo,** debe ser un elemento importante do proceso de avaliación e reavaliación das xefaturas.

Manuel González Moreira.  
*Agrupación Médica de CIG-Saúde.*